



1. RISCOS

Internet é un mundo marabilloso. Na vida real hai moitos mundos marabillosos. Unha praia tropical pode parecer un sitio marabilloso. Pero iso non quere dicir que non teñan riscos. E ao mesmo tempo isto non impide que podamos gozar dela. Igual con Internet. Debemos favorecer o uso da Rede por parte dos menores, pero tendo en conta os riscos que existen para poder previlos.

No que se refire ao que acabamos de ver (redes, mensaxería, imaxes e vídeos, descargas) hai varias ameazas que debemos ter en conta.

1.1.

1.1. VIRUS

Posiblemente a ameaza máis frecuente inda que para moitos docentes, pais e nais non semelle ser moi preocupante. Sen embargo, un virus é unha porta aberta para outras moitas ameazas. Lonxe quedan os tempos nos que os virus se facían notar en forma de ventás que se abrían, páxinas de inicio que cambiaban, información que se perdía... Hoxe en día, os virus máis perigosos tratan de pasar desapercibidos para realizar a función que lles interesa: roubar información, capturar contrasinais, dirixir aos usuarios mediante enganos a páxinas falsas, converter ao ordenador en “zombie” dunha rede de ordenadores orientada a fraudes...

Os menores adoitan confiarse con frecuencia porque a curiosidade pode máis que a precaución, e desta maneira poden picar en enlaces que abren a porta ás infeccións do equipo. E os delincuentes tamén o saben e descubriron que os nenos e nenas son unha presa fácil. Ao entrar nunha web pódese pedir que para xogar a un determinado xogo, moi atraente para eles, teñan que descargar e instalar un complemento necesario... que en realidade é o virus. Noutras ocasións os menores conectan con algunha persoa no *Tuenti*, e envíanlles algún arquivo disfrazado de imaxe, ou arquivo comprimido, que ao descargarse instala o virus. Vexamos as formas máis frecuentes de engano para conseguir que os menores “abran a porta” dos seus equipos:

1.1.

2.2.

3.3.

3.1.

3.1.1. Enlaces a través da mensaxería.

Durante a conversación cun contacto do programa de mensaxería ou da rede social, pode aparecer un enlace con título suxerente como “Olla as fotos que colguei de ti”. Se fan click nese enlace seguramente descargue un troiano que pode ter varias funcións: desde roubar o contrasinal do messenger ata un programa para controlar remotamente a webcam do menor, pasando por un software malicioso para capturar contrasinais bancarias dos pais e nais cando utilicen ese equipo para acceder ás súas contas.

3.1.2. Páxinas fraudulentas

Referímonos a páxinas que pretenden ofrecer un beneficio buscado polo menor para “de paso” colarlle un virus ou troiano. Por exemplo, é frecuente que o menor busque “cracks”, programiñas para desbloquear software comercial. Hai moitas páxinas en Internet dedicadas a proporcionar estes “cracks” ou serials, pero moitísimas delas están cheas de virus. Ou hai páxinas que ofrecen interesantes ofertas para a curiosidade

malsá: “Descubre o contrasinal do facebook dos teus contactos” ou “Descubre as fotos privadas dos teus contactos”.

3.1.3. Arquivos infectados

Xa comentamos que os menores adoitan baixar arquivos de Internet: películas, vídeos, música, xogos. Con frecuencia fano a través de programas P2P, dos que falamos anteriormente. E a busca destes arquivos faise por nomes. E o que pode ter un nome inocente, como o título dunha película, pode ocultar, en lugar dela (ou ademais dela), un potente virus.

1.2. FIABILIDADE

Que Internet é unha fonte de información non ten dúbida. Sen embargo non todo o que hai en Internet é certo. Se falamos de libros, cando consultamos un, temos que ter en conta quen é o autor e que grao de fiabilidade ten. E son libros, que teñen que pasar por unha serie de filtros ata que chegan a publicarse. En Internet calquera persoa pode publicar calquera cousa. Polo tanto o espírito crítico ten que estar moi desenvolvido e aprender a distinguir que fontes son fiables e cales non.

Se o menor vai a unha páxina tipo [Rincón del Vago](#) para “inspirarse” para un traballo escolar, é posible que copie e pegue sen saber sequera se ese traballo está ben feito. Moito peor, por suposto, se aínda nin o le antes de pegalo. Pero hai outras moitas páxinas que conteñen incorreccións.

Isto sucede en maior medida aínda nas redes sociais. Na Rede circulan moitos contos, unhas veces por broma e outras veces ben intencionados para crear opinión. Por sistema, moitos menores (e non menores, por desgraza) cando ven unha noticia en *Tuenti* ou en *Facebook*, normalmente moi rechamante, enseguida se dedica a reproducila. Pensemos por exemplo nos bulos que corren nas redes de que unha [empresa conta cunha cantidade de equipos informáticos](#) que por estar desprecintados non poden vender e que os sortean entre quen compartan esa noticia na rede. Obviamente é totalmente falso e se trata dunha artimaña para conseguir enderezos de correo electrónico e acceso aos perfís dos que “pican”. Ou a de que o presidente do Uruguai, Pepe Mujica, [foille impedido o acceso ao xantar](#) ofrecido logo da toma de posesión do Presidente de Paraguai por “vestir como unha persoa común”. Unha noticia saída dunha web humorística e que foi reproducida sen contrastar por xornais e mesmo por axencias de noticias de peso.

Otras veces son os “hoaxes” falsas noticias que circulan pola Rede, antes sobre todo a través de correos electrónicos e agora a través das redes sociais. Son noticias do tipo da que circulou hai ben pouco por Facebook de que para preservar a túa intimidade tiñas que pedir a todos os teus contactos que cambiaran a súa configuración de amizade contigo para “non recibir actualizacións”. Os que así fixeron conseguiron que os seus contactos non viran publicada ningunha noticia deles, como se non existiran. Ou avisos de que hai que reenviar unha mensaxe aos contactos para que sigas tendo o Facebook de balde, porque doutro xeito pasaría a ser de pago. Ou noticias de nenos con terribles deformacións que necesitan ser operados e que se se consegue reenviar a mensaxe a mil e cento contactos, Microsoft pagará esa operación. E así miles e miles de contos. Unha boa maneira de saber se unha noticia deste tipo é falsa, é copiar e poñer entre comiñas en Google unha frase literal desa noticia, seguida da palabra “hoax”. Seguramente xa está reportada nalgún sitio como falsa.

1.3. ACOSO

Os medios de comunicación preocúpanse constantemente de lembrarnos que Internet é un sitio cheo de ameazas para os menores, porque está cheo de acosadores, depravados e pederastas. Habelos hainos, pero non é que estean só en Internet. Sempre os houbo, e o único que fai Internet é potenciar o seu campo de acción.

Os casos de acoso en Internet existen e por iso nos referiremos aquí ás principais formas.

1.1.

2.2.

2.1.

2.2.

2.3.

2.3.1. Sexting

Di Parry Aftab, experta en cibercrime, privacidade en Internet e ciberabusos, que “non importa o listo que sexas na vida real: moita xente vólvese estúpida online”. E así é. Quizais neste aspecto leven vantaxe os

“turistas” dixitais, é dicir, os adultos que non naceron na época de Internet, en contraposición aos “cidadáns” dixitais. Os “turistas” achéganse a Internet cunha certa desconfianza e receo. Quizais por isto, por ese descoñecemento, móstranse máis cautos e son máis recatados. Resístense a dar datos, non lles entusiasma colgar fotos... Digamos que 50% por receo e 50% porque non dominan a ferramenta. En cambio, os “cidadáns”, neste caso os nenos, nenas e adolescentes, son moito máis ousados. Controlan perfectamente a mecánica das redes, da mensaxería, dos chats, e non pensan demasiado nos resultados dos seus actos. Consecuencia: soben alegremente fotos e comparten datos sensibles propios e de terceiros. Non se trata dun comportamento distinto ao que poderían facer os pais e nais na súa mocidade e adolescencia. Pero a transcendencia que achega Internet é o nova. O que antes quedaba nun círculo moi restrinxido, agora alcanza dimensións “planetarias”.

Isto é o que dá lugar ao fenómeno chamado *sexting*, é dicir, o envío de fotos e/ou vídeos de contido sexual, a maioría das veces producidos polo propio remitente, a través de Internet, ben co ordenador ou, cada vez máis, polo teléfono móbil.

Os adolescentes, impulsados por esa sensación de invulnerabilidade, lánzanse a gravar e/ou a difundir vídeos e fotos deles mesmos ou de terceiros, con contido sexual ou, cando menos, atrevido. Ademais –algo que é case inherente á adolescencia– teñen ansias de recoñecemento e notoriedade. É difícil para eles manter o control cando é algo que lles dá satisfacción e vailes creando unha sona. Todo este “cóctel” fai que poñan en perigo non xa só a súa intimidade, senón tamén a de terceiros.

Non son conscientes de que non son simples bromas ou canalladas, senón que poden chegar a vulnerar (e de feito así é) dereitos fundamentais: o dereito á propia imaxe, a honra, o dereito á intimidade, a protección de datos...

E o que é máis grave: as secuelas que pode carrexar ás vítimas deste comportamento. Secuelas que van desde a incomodidade, a vergoña, nos casos máis leves, ata consecuencias moito máis trxicas, e para iso basta con botar unha ollada aos medios de comunicación de cando en vez.

Máis alarmante aínda: cada vez máis proliferan as webs dedicadas a recoller e comercializar este tipo de vídeos e fotografías, o que acrecenta a gravidade do fenómeno. Segundo a policía do Estado norteamericano de Utah, o 25% das imaxes de pornografía infantil que se detectan, son orixinadas polo *sexting*. A este respecto recomendo a lectura deste artigo: [Los sitios porno usan tus imágenes de Facebook](#).

2.3.2. Grooming

Os rapaces compiten por ser os que máis amigos e amigas teñen na Rede, porque iso indicará o seu grao de “popularidade”. Hai casos de menores que teñen ata 4000 amigos no seu perfil. Afortunadamente, grazas á insistencia das campañas e avisos neste sentido, cada vez estes casos van sendo menos xeneralizados. Pero está claro que ao aceptar a estraños na súa rede, están abrindo a porta ao seu perfil co que iso comporta: fotos, comentarios, vídeos ou datos persoais. E hai moitos “profesionais” do acoso que utilizan estes datos para posteriormente acosar e chantaxear ao menor. Vanse gañando a súa confianza, para que de xeito voluntario lle vaian enviando fotos cada vez máis íntimas, ata que chegado un momento comezan a extorsionalos, esixíndolles máis imaxes ou encontros persoais ou mesmo cartos, ou en caso contrario ameazan con difundir os arquivos recibidos entre os seus amigos ou familiares. É o que se coñece como *grooming*. Sempre se fai por parte dun adulto sobre un menor.

O informe extraordinario “[Adolescentes e Internet en Galicia](#)” encargado polo Valedor do Pobo, indica que o 60,7% dos estudantes da ESO galegos teñen polo menos un contacto maior de 20 anos, e un 23% maior de 30. Outros estudos tamén poñen de manifesto que o 35% dos menores españois teñen contactos con descoñecidos a través de Internet e o 18% se cita con eles.

O caso é que, malia as continuas noticias que nos falan de desmantelamento de redes de pornografía infantil, é algo que segue presente na Rede. Unha vez máis cómpre insistir en non culpar a Internet desta secuela. A pornografía infantil existiu sempre, os pederastas tamén. O que ocorre é que agora teñen medios que antes non tiñan, ben para achegarse aos menores desde o anonimato, ben para difundir o material conseguido ou ata para compartir con outros suxeitos cos mesmos vicios, trucos, material e experiencias.

Moita da pornografía infantil ten a súa orixe na explotación e abuso de menores en determinados países onde o control ou a lexislación son máis laxos. Pero outra gran porcentaxe destas imaxes proveñen dos propios menores que por imprudencia, inconsciencia e inxenuidade difunden as súas propias imaxes a través de Internet.

O que en principio comeza como un pequeno xogo prohibido de compartir imaxes íntimas con supostos amigos ou amigas da súa mesma idade, acaba nunha chantaxe por parte dun adulto que os obriga a fotos ou

vídeos cada vez máis atrevidos. Vídeos e imaxes que acaban sendo moeda de cambio nos círculos pederastas.

Unha vez máis o problema orixínase na aceptación de descoñecidos nos contactos da rede social. Son milleiros os individuos que se fan pasar por adolescentes para gañarse a confianza dos rapaces. E teñen estratexias ben estudadas. Se o mozo lles pide fotos, dispón de imaxes (moitas producidas por anteriores “aventuras” do pederasta). Se lles pide que lles mande cam, tamén lla mandará... só que non retransmitirá a verdadeira imaxe do individuo, senón unha gravación conectada ao programa de mensaxería. É un procedemento fácil e así llo debemos facer ver ao rapaz ou rapaza. Que nos enganen poñendo imaxes na webcam que non corresponden coa imaxe da persoa coa que estamos falando é ben sinxelo para alguén cuns mínimos coñecementos.

A súa forma de comunicarse co mozo ou moza tamén está moi estudada. Utilizan as súas mesmas expresións, as súas faltas de ortografía, os seus emoticonos... Teñen moito adestramento detrás. E tras varias semanas de conversacións intranscendentes, chegará o momento en que, case sen darlle importancia, lle comezara a pedir fotos máis íntimas, poses na webcam... E desta forma xa entrou na roda. Seguramente en todo este “protocolo” inicial, o pederasta lograría introducir algún troiano no computador do menor, para conseguir os contrasinais da súa conta. Cando o menor se decate do engano e queira cortar a relación, o suxeito comezará a chantaxe e a extorsión, ameazando con difundir as imaxes que xa ten entre os seus amigos e contactos e entre os seus familiares. E a única vía que lle ofrece para evitalo é seguir mandándolle máis e máis fotos e vídeos ou, en casos máis extremos, chegar a un encontro persoal co acosador.

2.3.3. Ciberbullying

O *ciberbullying* vén sendo o ciber-acoso. Ou sexa, acoso a través de Internet. Profundando un pouco máis, trátase do uso de medios electrónicos (Internet e teléfonos móbiles principalmente) para acosar psicoloxicamente a un igual. É importante este último detalle. O *ciberbullying* dáse sempre entre iguais: é dicir, non se dá entre un adulto e un menor. E tampouco ten un carácter sexual, aínda que poida ter algún compoñente. Trátase de desprestixiar, acosar, humillar, ridiculizar á outra persoa. E para iso empréganse as ferramentas que a Rede ofrece. Pódese materializar en infinidade de maneiras, só limitadas pola imaxinación do acosador:

- Envío de mensaxes ameazantes ao móbil.
- Publicación de fotos e datos da vítima en páxinas web de contido sexual.
- Propagación de rumores a través de foros. Creación de perfís falsos da vítima en redes sociais para colgar imaxes e comentarios que o desacrediten publicamente.
- Roubar a súa conta de correo electrónico para posteriormente ensuciar a imaxe da vítima entre familiares e amigos ou simplemente para violar a súa intimidade.
- Inscibir o seu enderezo de correo electrónico en servizos que posteriormente poidan inundar de spam a súa conta.

Aínda que ten similitudes co *bullying* –o acoso escolar– non é exactamente o mesmo. En primeiro lugar, a diferenza do *bullying*, este comportamento non ten porqué referirse ao ámbito escolar. Ata pode darse o caso de que vítima e acosador nin se coñezan.

Outra diferenza radica no perfil dos acosadores. No caso do *bullying* adoitan ser de xénero masculino e con superioridade física. No *ciberbullying* os xéneros están máis equilibrados e non é necesaria a superioridade física. Ademais, as consecuencias do acoso a través de Internet son moito máis graves. Xa non se cingue só á contorna inmediata da vítima senón que se estende por toda a Rede. E tampouco é necesario que coincidan vítima e acosadores fisicamente: están sempre presentes porque están no espazo virtual que acompaña sempre ao menor. É imposible esconderse.

O *ciberbullying* é, xunto ao *ciberacoso*, un dos maiores riscos que pode sufrir un menor en Internet. O INTECO, no [Estudo sobre a seguridade da información e a e-confianza dos fogares españois](#), revela que o 5.1% dos nenos o sufriron e o 3.5% o provocaron. Aclaremos que cabe distinguir entre *ciberbullying pasivo* (ser acosado por outro menor) e *activo* (acosar a outros menores).

1.4. PRIVACIDADE E IMAXE PERSOAL

Internet pon nas nosas mans unha potencialidade impresionante para a difusión de todo tipo de información, incluíndo datos persoais propios e alleos. Un dos principais riscos que a Rede presenta para os menores é a difusión destes datos persoais, incluíndo neles as súas imaxes.

As redes sociais animan e propician que os menores suban as fotos que tomou a fin de semana, nunha festa, en casa dos amigos e amigas... Fotos aparentemente inocentes e que non terían maior transcendencia se non fora porque unha vez subidas á Rede se perde o control sobre elas. Ademais en ocasións, frecuentemente, non son fotos propias senón de terceiras persoas ás que se cadra non lles gusta moito esa difusión. Esta precaución no uso das imaxes de terceiros debe estenderse tamén, ademais dos familiares, aos docentes. Hai que extremar o coidado ao publicar as fotos do alumnado nas distintas actividades. A regulación legal, que se verá no último tema, non permite difundir a imaxe de menores indiscriminadamente.

Os datos de tipo persoal tamén son oportunidades de risco. Moitos menores publican teléfonos, enderezos, afeccións e outros datos sen darlles maior importancia. A combinación destes datos proporciona información a persoas sen moitos escrúpulos. Inda que no noso país non se chega, polo de agora, a eses niveis, en Latinoamérica si que se deron casos de secuestros de menores feitos a partir dos datos proporcionados por eles mesmos nas redes sociais. E no estado español si que se coñecen algún roubo efectuado en casas baleiras por vacacións, dato dado polo menor no *Tuenti*.

1.5. CIBERSEXUALIDADE

Non hai dúbida de que nos últimos tempos, o sexo é cada vez máis explícito en todos os medios de comunicación e iso inflúe na forma en que os menores vivencian a súa sexualidade. Podemos falar dunha “sexualización precoz” para referirnos ao feito de que cada vez se adianta máis a idade en que os menores comezan a expresar e experimentar coa súa sexualidade.

Poñer en calquera buscador o termo “sexo” produce milleiros de resultados, e todos accesibles independentemente da idade do usuario.

Sen embargo non é frecuente que os menores usen os sitios web de contido sexual para ter contactos deste tipo con descoñecidos, ben sexa virtual ou real. O máis normal é que se practican cibersexo o fagan máis con rapaces e rapazas da súa idade, de entre os seus contactos de Internet.

Si é máis posible o que comentabamos antes, que un adulto mediante enganos consiga establecer unha relación cibersexual cun neno ou nena facéndose pasar por un menor.

1.6. CONTIDOS INAPROPIADOS

Xa dicíamos antes que calquera persoa pode publicar en Internet o que lle pareza. A facilidade para facelo e a dificultade para perseguir delitos favorece que na Rede xurdan webs con contidos non apropiados, en especial para menores. Non é difícil atopar páxinas favorecendo condutas pouco saudables como a anorexia e a bulimia (poñamos en Google estes termos “princesas ana y mía” e veremos o que sae), webs con contidos racistas ou xenófobos, blogs e foros con accións de cyberbullying, sitios con contidos sexistas... Por non falar doutras páxinas máis sibilinas que dun xeito máis “delicado” introducen conceptos e ideas non demasiado sans aos menores.

1.7. ADICCIÓN

Quizais sexa un dos problemas do que menos se fala e con todo pode ser un dos máis comúns: o excesivo tempo que os menores pasan ante o ordenador. A pouco que manexemos habitualmente Internet saberemos o rápido que pasa o tempo ante a pantalla e o fácil que é chegar a trasnoitar case sen darse conta. Se a moitísimos adultos lles custa levantarse de diante do ordenador, e cambiar a outra actividade (lectura, saídas, outras afeccións), imaxinemos o que pode ser un neno ou adolescente ao seu libre albedrío no uso de Internet. En principio, o uso de Internet, e das redes sociais, non debería supor ningún prexuízo para o usuario. Ao contrario, as TIC favorecen as relacións sociais, a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de novas habilidades. No aspecto social tamén contribúe a mellorar a contorna social e a superar dificultades de relación. Pero como en calquera outro ámbito da vida, hai que recibir unha formación.

Non todos os especialistas están de acordo en que o uso das TIC poida xerar adicción e sosteñen que é máis un reflexo dun problema previo, máis que unha adicción como tal. Segundo esta teoría, a soidade e a depresión favorecen o uso do ordenador e isto leva a unha maior soidade e depresión. Pero o feito certo é que

hai moitos pais, nais e docentes preocupados polo tempo que invisten en Internet ou en **videoxogos** os menores. As consecuencias dun uso compulsivo de Internet son, en liñas xerais, as seguintes:

- Menos vida social e tempo dedicado á relación co círculo de amigos.
- Redución das horas dedicadas ao soño, co que isto leva en relación coa diminución do rendemento escolar, a debilitación física, fatiga.
- Menos horas dedicadas ao estudo e traballo escolar.
- Acceso a contidos inapropiados: dispor de tempo ilimitado para navegar trae consigo a posibilidade de “explorar” e experimentar moito máis.

Como detectar se o mozo ou moza é un adicto a Internet? Unha característica das adiccións é a necesidade compulsiva de volver sentir os seus efectos. É dicir, se o menor perde o control e vólvese irascible se non se lle permite acceder a Internet, ou se deixa de forma permanente de facer outras actividades para usar Internet, poderíamos dicir que polo menos estamos ante unha conduta preocupante.

Outra característica típica dunha adicción é a negación. É dicir, o adolescente negará que teña esa adicción, e mentirá se se lle pregunta canto tempo pasou conectado.

En xeral, a dependencia da Rede antes ou despois emerxe en forma de condutas non presentes ata o momento. Estes son algúns dos indicadores que se poden ir presentando:

- Patrón do soño e do fame alterado. O uso de Internet absorbe os seus horarios e invade outras funcións diarias como as dedicadas a durmir e a alimentarse. Cústalles levantarse cedo polas mañás, pode ser que durman curtos espazos de tempo noutros momentos do día, comen a deshora e rápido. Ata pode ser que comecen a cear no seu propio dormitorio para non ter que deixar o ordenador.
- Comezan a abandonar a súa hixiene persoal. Vístense co primeiro que atopan, dúchanse con menos frecuencia.
- Irrítanse e alteran con frecuencia e móstranse pouco comunicativos. As discusións cos seus irmáns e membros da familia increméntanse e por motivos nimios.
- Diminúe notablemente o rendemento escolar. Posiblemente aumente o seu absentismo escolar, xa que se “fuman” clases para conectarse desde algún lugar ou, ata, para botar unha “cabezadiña” para compensar o sono.
- Xorden novas amizades realizadas a través de Internet e al térase a súa contorna habitual. Relaciónase menos cos seus amigos de sempre.

Por que Internet atrae tanto aos adolescentes, de tal modo que é practicamente imposible atopar a un rapaz ou rapaza ao que non lle guste navegar pola Rede? Pois porque Internet, e as ferramentas que a conforman, preséntase como un medio propicio para que un adolescente atope refuxio nun proceso de maduración da súa personalidade delicado. Segundo a doutora Kimberly S. Young, Internet posúe unhas características que determinan que poidan ser a faísca que faga que se desenvolva unha conduta compulsiva:

- Dispón de aplicacións adictivas. Xeralmente as comunicativas (messenger, chats) teñen máis poder adictivo.
- O anonimato da Rede propicia unha desinhibición que propicia que o mozo ou moza atope apoio social en circunstancias delicadas da súa vida.
- A Rede proporciona o escenario para o desenvolvemento de moitas fantasías de tipo sexual, amparadas polo anonimato e a intimidade.
- As personalidades ficticias que se crean en redes sociais, mensaxería, chats, xogos... serve para que o menor poida modificar os aspectos da súa personalidade cos que non se atopa a gusto. Deste xeito consegue relacionarse cos demais superando medos e inseguridades.
- Personalidades reveladas, é dicir: a través da interacción na Rede, o menor pode descubrir aspectos da súa propia personalidade que estaban reprimidos ou ocultos.
- Recoñecemento e poder. Dáse sobre todo a través de xogos ou mundos virtuais onde o mozo ou moza a través dun personaxe pode adoptar unha posición de poder e liderado, co cal aumenta o seu autovaloración.

Todo isto explica que un adolescente –lembremos en pleno proceso de formación da súa personalidade e en conflito coa súa contorna– atope nas TIC un mundo perfecto para sentirse máis a gusto, protexido e recoñecido.

De todos modos, hai que obrar con coidado. O patrón “tempo” non é único indicador dunha adicción. Como xa comentamos, os equipos conectados a Internet serven para unha chea de funcións e cada unha é distinta da outra. O grao de adicción virá dado por eses indicadores de cambio de conduta que sinalamos máis arriba